

## **CIRCULAR PROBA DE FRANCÉS (Cód. 12 e 62)**

### **ABAU 2024**

*Á atención dos Departamentos de Francés dos centros de Ensino Secundario*

O modelo de exame de Primeira lingua estranxeira: Francés (cód. 12) e Segunda lingua estranxeira (cód. 62) para a ABAU 2024 (curso 2023/2024) rexerá polo seguinte:

*Na ABAU de 2024, os currículos estarán determinados, salvo instrución noutra sentido, pola Lei de Educación 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOMLOE), así como polo Real Decreto 423/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato e o Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022).*

Sendo este un ano de transición, non haberá cambios na estrutura da proba ABAU 2024. Mantense o modelo implantado na pandemia, que ofrece ao alumnado unha maior opcionalidade. Deste xeito, deberán ser resoltas **4 de 6 preguntas** formuladas, cos seus correspondentes apartados, e non haberá proba auditiva. Se o estudante responde a máis de 4 preguntas só se corruxirán as catro primeiras.

O número de palabras suxerido nas redaccións (preguntas 5 e 6) é orientativo pero si se penalizarán respostas demasiado breves ou demasiado extensas con respecto ao límite permitido.

Enderezo de contacto: **nuria.rodriguez@usc.es**

### Características e formato da proba

#### **PROBA ESCRITA (90 minutos)**

##### **Características xerais:**

A tipoloxía dos textos será variada, nun rexistro de lingua estándar, e abordará, preferentemente, temas de actualidade e aspectos relacionados coa cultura francófona.

Proporáanse aos alumnos/as SEIS preguntas das cales deberán responder CATRO, seleccionadas e combinadas libremente. As seis preguntas xiran en torno a elementos de comprensión lectora, competencia léxica e gramatical sobre dous textos en lingua francesa cuxa extensión se sitúa nas 300

palabras orientativamente. Os alumnos/as DEBEN SELECCIONAR CATRO preguntas e contestalas adecuadamente en francés.

### **Características das preguntas sobre os textos e criterios de valoración:**

Formularanse SEIS PREGUNTAS EN TOTAL:

- 1) *Pregunta 1:* Test de comprensión lectora sobre os textos. Puntuación: 2,5 puntos

O alumnado contestará verdadeiro ou falso **a dez preguntas sobre un dos textos seleccionados**. Deberá seleccionar o enunciado 1.1. ou o enunciado 1.2. para responder ás preguntas correspondentes. Dado que o número de preguntas formuladas sobre o texto pode presentar pequenas variacións, a valoración específica de cada unha delas será a que figure no exame no enunciado da pregunta 1 (ata un total de 2,5 puntos).

- 2) *Pregunta 2:* Exercicios de competencia léxica e gramatical (morfosintaxe) sobre o **texto 1**. Puntuación: 2,5 puntos

Esta pregunta ten por obxectivo verificar o coñecemento práctico dos aspectos léxicos e morfosintácticos da lingua francesa. Pedirase ao alumnado, preferentemente, que transforme ou complete estruturas oracionais, substitúa elementos dunha oración, busque sinónimos etc.

Os alumnos/as deberán buscar TRES sinónimos (0,75 puntos) e completar as preguntas de gramática (1,75 puntos).

- 3) *Pregunta 3:* Exercicios de competencia léxica e gramatical (morfosintaxe) sobre o **texto 2**. Puntuación: 2,5 puntos

Esta pregunta ten por obxectivo verificar o coñecemento práctico dos aspectos léxicos e morfosintácticos da lingua francesa. Pedirase ao alumnado, preferentemente, que transforme ou complete estruturas oracionais, substitúa elementos dunha oración, busque sinónimos etc.

Os alumnos/as deberán buscar TRES sinónimos (0,75 puntos) e completar as preguntas de gramática (1,75 puntos).

- 4) *Pregunta 4 :* Expresión e comprensión escrita (resumen e título). Puntuación: 2,5 puntos

O estudante deberá seleccionar UN dos dous enunciados propostos. Pediráselle que elabore un título suficientemente esclarecedor (0,5 puntos) e un breve resumen en francés — sen copiar literalmente do texto—cunha extensión en torno a **cincuenta** palabras (2 puntos).

- 5) *Pregunta 5 :* Expresión escrita (redacción). Puntuación: 2,5 puntos

O estudante deberá seleccionar UNHA das dúas redaccións propostas. Pediráselle que elabore unha pequena redacción en francés cunha extensión en torno a **setenta e cinco ou cen** palabras.

6) *Pregunta 6: Expresión escrita (descripción)*. Puntuación: 2,5 puntos

Esta pregunta pretende avaliar a capacidade comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita a través da descripción de monumentos e lugares parisinos ou personaxes francófonos populares.

Os estudantes deberán demostrar que identifican o tema proposto e que poden describilo fisicamente (e/ou psicolóxicamente ou mesmo a traxectoria, no caso dun personaxe) nun texto coherente e realista dunha extensión aproximada de  **cincuenta ou setenta e cinco**  palabras. Terase en conta a ortografía, a morfosintaxe e a correcta expresión na lingua francesa.

Co fin de facilitar a preparación deste exercicio na proba selectiva, expónse a continuación a rúbrica de avaliación cos criterios específicos a ter en conta para conseguir o mellor resultado:

<b>CRITERIOS</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>		
<b>CONTIDO</b>	<b>1,5</b>		
A descripción permite identificar inequivocamente o concepto descrito	0	0,25	0,5
A descripción é precisa e clara evitando as ambigüidades	0	0,25	0,5
O léxico é rico e variado evitando repetir palabras (uso de adxectivos cualificativos adecuados)	0	0,25	0,5
<b>COHERENCIA E COHESIÓN</b>	<b>0,5</b>		
Estrutura correctamente as oracións	0	0,25	
Estrutura as ideas en parágrafos ordenados e coherentes utilizando marcadores discursivos	0	0,25	
<b>MORFOSINTAXE E ORTOGRAFÍA</b>	<b>0,5</b>		
Fai un uso correcto da gramática (corrección ortográfica, concordancias, tempos verbais, masc./fem., sing./plurais, etc.)	0	0,25	
Utiliza os signos de puntuación necesarios	0	0,25	

### **PENALIZACIÓNS**

Non se axusta á extensión establecida: -0,25 puntos.

Non describe o que se lle pide (descripción xenérica, descripción comodín, descripción fóra do tema)\*: -2 puntos.

\* Non se pode describir calquera cousa: ten que haber unha adecuación da descrición co personaxe ou o monumento seleccionados. Aínda cando se faga unha descrición moi boa pero completamente fóra do tema isto non permitirá obter unha boa nota.

**Nas tres últimas preguntas de produción escrita,** valorarase en xeral a coherencia do discurso, a fluidez na expresión, a corrección morfosintáctica, así como a riqueza de recursos expresivos do alumno/a.

**Puntuación total da proba escrita: 10 puntos**